



OS CONTOS

son bombas de felicidade

En 1968 Carlos Casares dedicoulle un libro a unha nena de dous anos que tiña que marchar para Santander, a terra da que eran orixinarios os seus pais. No limiar, o autor mantíña a esperanza de que nun futuro aquela rapaza puidese lelo e que con el se acordase de Galicia e do idioma galego. Aquele pequeno monllo de contos, que levaba por título *A galiña azul*, abríralle novos camiños a unha narrativa infantil na nosa lingua, que ata daquela dera pasos tan tímidos como contados.

Casares mergúllanos nunha vila onde a realidade e a fantasía conviven con absoluta naturalidade. Por iso vive nela Leoncio, o inventor do papapío, que non é outra cousa que un idioma para podermos falar cos paxaros e coas formigas. E tamén da bomba da felicidade. Non sabedes os efectos deste explosivo?

Na poboación onde estoura, aparecen de repente vinte bandas de música tocando alboradas, pasodobres, muiñeiras e demais. Choven roscóns, rosquillas e globos de cores. E por se fose pouco, o ceo ponse todo azul e o sol queima. E a xente sente unha gran felicidade.

ACTIVIDADE :

Para ser inventor hai que darlle á cabeza. ímosvos poñer a proba. Que artefacto sodes quen de inventar para mellorar a vida da xente? Deixade voar a imaxinación. Non lle poñades cancelas! Cántádenos como se chama, como funciona e para que serve.





Alén da innegable calidade literaria, no libro *A galiña azul* hai un crisol de valores humanistas: a solidariedade, o respecto á diversidade, a loita por mellorar ou a esperanza dunha sociedade máis xusta. Se no relato 'A bomba da felicidade' Leoncio espremía as neuronas para facer máis feliz a xente, no conto que abre o libro, nun exemplo de solidariedade extrema, un peixe sacrifícase para salvarlle a vida a un paxaro ('O peixe da fonte do xardín'). Noutro dos relatos sabemos dos esforzos dunha formiga valente que, a pesar das dificultades máis grandes, non deixa de loitar ata o final.


Sen dúbida, é a historia da galiña azul a mostra dun dos valores máis prezados do autor: a defensa da pluralidade e diversidade fronte aos que buscan a uniformidade. A galiña protagonista é diferente ás demais:

É unha galiña azul con cinco plumas vermellas na á dereita. É unha galiña moi bonita e moi rara. Pon ovos de cores. Xa puxo dous marelos, un rosa e tres verdemar. Ademais non di cacaracá como as outras galiñas, senón que di cocorocó. E isto ten preocupadas as autoridades.

O alcalde da vila persegue esta ave por non ser coma todas. Mais no último dos contos, cando xa os gardas levan a orde de deter a galiña, a veciñanza salvouna cunha das armas máis poderosas e fermosas do ser humano: a solidariedade. Como fixeron?



Pois o día anterior alguén discorreu que a mellor maneira de arranxar as cousas sería tinguir de azul todas as galiñas do lugar, pintándolles de vermello cinco plumas da á dereita e despois soltalas arredor da galiña azul de Lorenzo. Como nós non temos galiñas na casa, eu fun mercar unha á feira de Allariz e tinguina de azul tamén. Cando chegaron os gardas, atoparon tanta galiña igual que non sabían cal era a de Lorenzo.



Eu non sei se te decatas de que es galega, Ana, nin sei sequera se sabes ben que é Galicia ou como é. Agardo que poidas volver pronto ao lugar onde naciches, para pasear xuntos e ensinarche a fonte dos peixes, que xa non bota auga, e o garda, o teu amigo, que aínda está na esquina, un pouco máis vello, pero facendo sempre os mesmos xestos que tanto te divertían.

Mentres non volves, mándoche estes contos, escritos na túa lingua, para que ao escoitar estas palabras poidas lembrar aquelas outras ditas por aquela vella campesiña que viña do dentista de arrincar unha moa: Ai, que moza tan bonita! Parece unha mazá.



O discurso de solidariedade tamén é aplicable a Galicia e á súa cultura: somos cidadáns e cidadás dun mundo plural, e esa diferenza, lonxe de ser un atranco, é unha riqueza extraordinaria do conxunto da humanidade. Cada cultura ten un xeito propio de mirar o mundo e de entendelo. Respetar e recoñecer o diferente, o outro, é o que nos fai máis humanos.

No limiar do libro [A galiña azul](#), Casares, sempre a prol dunha Galicia universal e en permanente diálogo con outras culturas, fai unha defensa da galegitude como forma de estar no mundo. Pídelle a Ana, unha nena de só dous anos, que non esqueza nunca que é galega.



ACTIVIDADE:

OS XENTILICIOS DESIGNAN O SITIO DE ORIXE DUNHA PERSOA. A VER SE SABES CAL É O XENTILICIO MASCULINO E FEMININO DE CADA UN DOS SEGUENTES LUGARES.

OS QUE TEÑEN A SÚA ORIXE EN...SON...

DINAMARCA:

FOZ:

PAÍSES BAIXOS:

O GROVE:

BERGANTIÑOS:

BETANZOS:

ARTEIXO:

GRANADA:

A LIMIA:

ROMANÍA:

ANGOLA:

ALLARIZ:

CHANTADA:

LISBOA:

ESTOCOLMO:



En 1973 Carlos Casares volve sorprenden cunha obra de teatro dirixida aos lectores e lectoras máis pequenos. *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* é unha peza que obterá o aplauso da crítica pero tamén do seu público. A historia decore nunha horta onde nacen cinco laranxas xigantes e moi raras nun limoeiro. Unha delas estoupa cando o amo da casa a manipula e o ruído fai que acuda toda a veciñanza. Entón todo transcorre polos camiños do absurdo, o disparate, o humor e a fantasía.

A pesar da súa prolífica obra literaria e xornalística e do seu compromiso político e social, Casares nunca abandonará a literatura dirixida ao público máis novo. En 1983 chega ás librarías *O can Rin e o lobo Crispín* e en 1991, a primeira entrega dun personaxe inesquecible: Toribio, un rapaz de oito anos que fai inventos moi especiais: o lápiz das cousas imposibles, a goma de borrar disparates ou o lingú, que é un aparello que se se coloca na cabeza permite falar en calquera lingua. As súas andanzas aínda darían para outras catro entregas: *Toribio contra o profesor Smith*, *Toribio e o contador de contos*, *Toribio ten unha idea* e *Toribio revoluciona o tráfico*.

Nos últimos anos da súa vida, Casares publicou outro libro dirixido a nenos e nenas, *Lolo anda en bicicleta* (1996) e outro orientado ao público xuvenil (e tamén adulto): *Un polbo xigante* (2000). Esta última obra, que chegou ás librarías só dous anos antes da morte do autor, narra a historia dun enorme cefalópodo que se dedica a levar consigo os mariñeiros que o pretenden capturar. Nunha historia na que non falta a intriga, o suspense e o misterio, Casares bota man de moitos dos seus ingredientes recorrentes: o humor, a fantasía, o choque entre o mundo da ciencia e o da crenza popular. Non temos máis que mergullarnos nas súas páxinas para comprobar a mestría dun autor que tamén escribía para a mocidade lectora, consciente de que nela aniñaba a esperanza dun mundo novo, e nada mellor que deixar constancia por escrito dese desexo.